

Memoria de dirección

IES de Mugardos



2021-2022

Índice:

1. Situación xeral
2. Obxectivos PXA
3. Resultados académicos
 - 3.1 Avaliación do plan de mellora
4. Vicedirección
5. Xefatura de Estudos

1. Situación xeral

O 2021-2022 foi o terceiro curso condicionado pola situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia polo coronavirus SARS-CoV-2. Grazas á vacinación xeral da poboación e mais as medidas adoptadas na xestión dos contaxios, a marcha do curso supuxo en moitos sentidos unha volta á normalidade. Nalgúns aspectos como o distanciamento, o uso da máscara ou a organización de actividades si se avanzou. Porén, cómpre non esquecer que en maior ou menor medida, desde as baixas ou faltas de asistencia ata as consecuencias na saúde emocional, toda a comunidade educativa resultou afectada.

O segundo elemento que repercutiu na marcha académica do curso foi a entrada en vigor da nova lexislación educativa que comezou pola súa aplicación á avaliación. A decisión de suprimir no medio do curso a convocatoria extraordinaria da ESO obrigou a reformular un final de curso atípico para docentes, alumnado e familias.

Un terceiro factor que incidiu na normalidade do curso foi o transporte, salientablemente na liña de Ares que non forma parte dos servizos subvencionados. O principal problema foron os atrasos de horarios que se corrixiron sobre a marcha do curso.

Tamén debemos mencionar as xubilacións do profesorado que nos últimos anos está a renovar o claustro. A comezos de curso producíronse dúas xubilacións e outras dúas proximamente. De xeito especial debemos deixar constancia da xubilación do conserxe José Castro Guerra despois de máis de trinta anos de servizo ao instituto.

2. Obxectivos PXA

OBXECTIVO 1 : Adaptación continuada das medidas de atención educativa e emocional de toda a comunidade para a recuperación da normalidade derivada da covid19.

Comezamos o curso ca versión [1/10/2021](#) do Protocolo de adaptación e rematámola coa versión do [20/05/2022](#). Malia que a repercusión destas medidas foi menor que o curso pasado e ademais tamén foron caendo en desuso na práctica, enumeramos brevemente as actuacións máis importantes neste apartado:

- Equipo covid do centro.
Por conveniencia na carga horaria, recaeu no equipo directivo. A aplicación EduCovid deixou de rexistrar expedientes desde finais do mes de marzo.
- Redacción e aprobación dos plans de adaptación e continxencia.
O plan de continxencia con medidas como os horarios espellos non foi necesario activalo.
- Organización das aulas e espazos comúns.
Condicionou por segundo curso o funcionamento do centro. Por exemplo, impediu o uso da biblioteca. Ademais a asignación dunha aula fixa a cada un dos grupos produciu un desgaste significativo nas instalacións e no equipamento das aulas.
- Observación das medidas de prevención e seguridade.
Salientamos de xeito especial o labor do persoal de limpeza.

- Seguimento da aula covid.
Estivo operativa desde o primeiro ao último día. Como tal tivo pouco uso.
- Reparto de máscaras segundo as remesas oficiais.
A finais do primeiro trimestre efectuárouse a distribución de máscaras a todo o alumnado do centro.
- Circulares ás familias. Comunicacions ao profesorado.
Empregouse principalmente o correo electrónico. Todas as circulares figuran na web do centro.
- Tratamento da situación e das medidas necesarias en todas as convocatorias de Claustro e Consello Escolar.
- Atención educativa a distancia.
Consolidouse o uso da aula virtual Moodle como ferramenta de apoio á docencia presencial e atención educativa a distancia.
- Atención emocional.
Ademais dos obradoiros de educación emocional iniciados o curso pasado, unha das medidas que redundou na volta á normalidade foi a aprobación das actividades complementarias e extraescolares. (Vid. Memoria de vicedirección).

OBXECTIVO 2 Elaboración do *Plan Dixital de Centro* e do *Plan de Mellora* esixidos pola administración educativa para este curso.

Para a organización e elaboración do Plan Dixital recorreuse a reunións do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e traballo individual dos seus membros tomando como referencia as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional e seguindo as indicacións da mentorización do Plan Dixital impartida polo CFR.

O Equipo de Dinamización do Plan dixital está formado por 6 membros (3 membros do Equipo Directivo; Coordinador E-DIXGAL; Coordinador Abalar e Dinamizadora Abalar).

No primeiro trimestre fíxose a enquisa SELFIE a todo o alumnado e profesorado do centro. Esta foi a participación no exercicio de auto-reflexión “SELFIE 2021-2022”:



No segundo trimestre o profesorado realizou o Test de Competencia Dixital Docente.

Baseándose nos resultados do informe SELFIE e do Test de Competencia Dixital Docente o Equipo de Dinamización do Plan dixital elaborou o informe da situación de partida que inclúe a análise DAFO da situación do centro. A partir deste informe da situación de partida se propuxeron os

obxectivos do plan, que logo se complementan cas accións necesarias para acadalos, a temporalización e os indicadores de logro para avaliar a consecución dos obxectivos.

A última fase consistiu na aprobación do Plan Dixital nos órganos de goberno do centro e a difusión do plan cara ao vindeiro curso.

Pódese consultar o Plan Dixital no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/?q=node/2371>



OBXECTIVO 3: Incorporación da LOMLOE e preparación para as novidades legislativas do vindeiro curso.

Actualización do PEC

Documento III: Organización pedagóxica e concreción curricular.

- Consideracións xerais sobre as avaliacións
- Criterios de promoción e titulación: ESO
- Criterios de promoción e titulación: Bacharelato
- Titulación de graduado ESO desde FP Básica
- Criterios para a concesión de matrícula de honra
- Itinerarios e optatividade na ESO
- Modalidades, itinerarios e optatividade no Bacharelato

Impresos de matrícula cursos impares

3. Resultados académicos

		Promocionan	Promoción Obrigatoria	Repiten
1.º ESO	Mulleres ⁽¹³⁾	13 (100%)	0	0
	Homes ⁽¹²⁾	9 (75%)	1	2
		22	1	2
	23 (92%) Curso anterior 100%			

		Promocionan	Promoción Obrigatoria	Repiten	Derivados á FPB
2.º ESO	Mulleres ⁽²⁰⁾	17 (85%)	0	1	2
	Homes ⁽¹⁹⁾	17 (89%)	0	2	0
		34	0	3	2
	34 (87%) Curso anterior 82%				

		Promocionan	Promoción Obrigatoria	Repiten	Derivados á FPB
3.º ESO	Mulleres ⁽¹²⁾	12 (100%)	0	0	0
	Homes ⁽¹⁴⁾	10 (71%)	0	2	2
		22	0	2	2
	22 (85%) Curso anterior 89%				

		Titulan	Con 1, 2, 3 suspensas	Repiten
4.º ESO	Mulleres ⁽¹⁷⁾	14	3	0
	Homes ⁽¹⁷⁾	10	6	1
		24	9	1 (3%)
	33 (97%) Curso anterior 81%			

		PROMOCIONAN		NON PROMOCIONAN	
		Hum-CC.SS	Ciencia-Tec	Huma-CC.SS	Ciencia-Tec.
1.º BAC	Mulleres (15+ 11)	14 (93%)	10 (90%)	1	1
	Homes (19+4)	16 (84%)	3 (75%)	3	1
		43 (88%) Curso anterior: 89%		6 (12%) Curso anterior: 11%	

		TITULAN		NON TITULAN	
		Hum-CC.SS	Ciencia-Tec	Huma-CC.SS	Ciencia-Tec.
2.º BAC	Mulleres (25 +5)	22 (88%)	5 (100%)	3	0
	Homes (6 + 14)	6 (100%)	10 (71%)	0	4
		43 (86%) Curso anterior: 89%		7 (14%) Curso anterior: 11%	

FPB I

PROMOCINAN	10
REPITEN	2

FPB II

FPB II	Final Módulo	Final Ciclo
ACCESO FCT	6	1
TITULO FPB		5
FPB+ESO		1
Repiten		2

Educación Secundaria para Adultos

Acadaron o título de graduado na ESO os tres alumnos/as que chegaron ata o final do Módulo IV. Malia que estiveron practicamente sen xefatura de estudos, o labor do profesorado conseguiu sacar adiante a que posiblemente sexa a derradeira promoción de adultos do centro. O declive de matrícula e a reorganización da educación para adultos na comarca provocarán esta perda na oferta educativa do instituto.

ABAU – Xuño, 2022

Centro		ABAU			Cualificación media		
		Present.	Aptos	% aptos	Bach.	Parte xeral	Diferenza
1142	IES de Mugardos	37	33	89%	7,55	5,627	1,93

		ABAU			Bach	Parte xeral
		Present.	Aptos	% aptos	Cualif. media	Cualif. media
Matrícula	Ordinario	37	33	89%	7,55	5,627
	Adultos	0				
Modalidade bacharelato	Artes					
	Ciencias	13	13	100%	8,09	6,264
	Ciencias Sociais	21	17	81%	7,23	5,309
	Humanidades	3	3	100%	7,51	5,100
Sexo	Homes	13	12	92%	7,38	5,904
	Mulleres	24	21	88%	7,64	5,477
Total		37	33	89%	7,55	5,627
Bacharelato convocatorias anteriores		0	0	0%		

3. 1. Avaliación do plan de mellora

A actual directiva fixou a mellora de resultados para o curso 2021-2022 nun **éxito escolar** do 90% na ESO e o 80% no bacharelato. Neste curso foi dun **89% na ESO** e un **87% no bacharelato**.

Estes son os obxectivos do plan de mellora.

1. Crear hábitos de traballo dentro e fóra da aula.
2. Reducir a conflitividade.
3. Mellorar a práctica docente.
4. Aumentar a implicación das familias.

En ningún deles se produciron avances e consideramos que as medidas tamén deben ser actualizadas cara os vindeiros anos.

Medidas:

Organización de centro	Encargado	Temporalización	AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Planificación de calendarios trimestrais de exames finais. 	Xefatura de Estudos Titorías	Comezo de cada trimestre.	<p>Reduciuse o tempo na súa elaboración e cumpriuse todo o plan de traballo cos grupos, Debe mellorarse a coordinación de equipos docentes.</p> <p>Produce algúns efectos de aumento do absentismo en bacharelato que debería ser atallado.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Fortalecer as medidas de atención á diversidade: Reforzos, exención de 2.º lingua estranxeira, desdobres, adaptacións curriculares, plan de pendentes, ARCO... 	Orientación Xefatura de Estudos Profesores	Curso	<p>Detectamos resistencias ou dificultades na aplicación de medidas concretas de atención á diversidade.</p> <p>Mellorar o seguimento das AC.</p> <p>Volver a solicitar programa de apoio PROA.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar o Plan de Convivencia e mais o Plan de Acción Titorial para reducir todo o posible conflitividade, principalmente nos cursos iniciais da ESO. 	Xefatura de Estudos Orientación Titorías Xunta de Delegados/as	Curso	<p>Segue pendente a mediación como estratexia de resolución de conflitos.</p> <p>Unha das principais fontes de conflitos actuais é o uso dos móbiles.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a Xunta de Delegados/as 	Xefatura de Estudos	Reunións mensuais	Deberase afianzar con maior carga de contidos nas reunións.

• Coordinación das titorías con Orientación	Dept. Orientación	Reunións semanais	Ben.
----------------------------------------------------	-------------------	-------------------	------

Metodoloxía docente	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>AVALIACIÓN</i>
• Reflexión e cambios nos criterios de cualificación: potenciar a avaliación do traballo na aula.	Departamentos	Principio de curso: programacións	Deberíase incluír como punto formen nos próximos plans de mellora.
• Traballo por proxectos e avaliación de competencias clave.	Profesores	Un proxecto por trimestre. Proxecto de centro	Cumpríronse os mínimos establecidos neste aspecto. Cambiar o sistema para o informe de competencias (ESO).
• Formación do profesorado: xestión de aula, convivencia e atención á diversidade, ABP, gamificación...	Profesores Plan de Formación Permanente do Profesorado	Curso	Salientamos a formación no grupo SEMGAL.
• Controlar sistematicamente as actividades encomendadas, cun seguemento especial ao alumnado con dificultades.	Profesorado	Curso	Avaliar a volta ao traballo con axendas nas titorías.

4. Memoria de vicedirección

O presente curso académico 2021-2022, que está a piques de rematar, caracterizouse por unha renovación parcial (do 50%) nos membros do equipo directivo, froito do inicio dun novo mandato. Estes novos cargos foron os de Xefa de estudos e o de Vicedirector, que tiveron a honra de desempeñar.

O centro que herdamos do derradeiro ano académico podería definirse como un centro cun claustro cambiante, con figuras históricas que pasaron a unha situación de xubilación e con unha parte do profesorado en calidade de sustitutos e interinos. Por outra banda, existía certa polarización no claustro debido a diverxencias pedagóxicas alentadas por un mundo en constante cambio cuxo rumbo, semella moi incerto á hora de decantarse por grandes axiomas.

A pandemia por Covid da que estamos a recuperarnos aínda influíu en gran medida nestas situación arriba descritas e no presente curso, estivo moi latente na primeira avaliación (variante Ómicron), polo que ata aproximadamente o mes de marzo tivemos certas reservas á hora de efectuar saídas.

A misiva emitida dende a Dirección era tentar manter unha liña de estabilidade, avanzando no plan de dixitalización do centro e tentando manter os índices de alumnado o máis elevados posibles dentro da problemática demográfica de Galicia, alén dos seus núcleos urbanos.

Con independencia destes guieiros, solicitábase á Vicedirección traballar na liña de difuminar os roces interpersoais e interdepartamentais co fomento da convivencia entre os membros do claustro, do persoal non docente e tamén do alumnado. Esta ardua tarefa de difícil ponderación pero sinxela percepción no ambiente non só se traballaría coa planificación de actividades senón tamén despregando unha actitude positiva e con sentido do humor trasladando aos compañeiros unha sensación de dinamismo e de poder brando no que cadaquén se sentise cómodo para levar ao cabo o seu desempeño profesional ausente de presións e tensións absorbentes e a xuízo do equipo directivo, innecesarias.

A maiores, o bo rumbo do curso e a resolución das tarefas do día a día en aras da paz e da docencia de calidade, permitiron traballar en equipo á cúpula directiva na liña de planificar o futuro do centro, en termos de oferta educativa, de sostibilidade e de melloras

arquitectónicas orientadas a facer do Instituto de Mugar dos un centro de referencia a nivel autonómico, unha das grandes aspiracións a longo prazo da Dirección.

Chegados a este punto, podemos proceder a facer unha listaxe pormenorizada das liñas mestras que seguimos e que consideramos oportuno detallar:

- Xestión do correo electrónico do centro: este apartado é fundamental para trasladar información relativa a actividades, xornadas e demais comunicación entre departamentos e docentes.
- Planificación de actividades: ata onde as restricións pandémicas nos permitiron, e mediante aforamentos reducidos e emprego de máscaras, podemos recuperar as saídas, primeiro pola contorna e posteriormente de xeito máis ambicioso. Visitáronse lugares de corte académico (Forestal del Atlántico, escola agraria de Sergude, concursos de oratoria, Parlamento Xove, campionato de técnicas agrarias) visitas culturais (roteiro artístico e urbanístico a Santiago de Compostela, museo do Caldoval, andaina histórico por Mugar dos) e tamén de ocio (Aquapark de Cerceda, Sould Park en Narón, Paintball en Valdoviño, participación no Humor Amarelo da Coruña ou mesmo programas de iniciación en actividades acuáticas en Ares, tales como o paddle surf ou a vela lixeira).
- Contactos: ampliouse a rede de colaboradores do centro, con deseñadores gráficos, imprentas, servizos de transporte e cunha maior involucración da ANPA nas actividades do centro.
- Sindicatos: a colaboración do centro no tocante a actividades como a conmemoración dos actos do Día da Clase obreira galega ubicou ao instituto como centro de referencia sindical na comarca.
- Excursión de fin de curso: despois de varios anos sen poder celebrar unha excursión de varios días e por motivos sanitarios obvios, o presente ano académico destacou por ser o da recuperación da excursión de fin de curso. Con moitas vacilacións, permitiuse a súa celebración en Consello Escolar cara ao inicio da primavera e con dúbidas de orde loxística fomos quen de programar unha saída de catro días a Málaga e a Costa do Sol. Celebrouse a comezos de xuño e decidimos levar aos cursos de 4º da ESO e de 1º de Bacharelato, alcanzando unha cifra aproximada de corenta e cinco alumnos.

- Xantares de convivencia: en expectativa de mellorar os ánimos no centro, decidimos aumentar a cantidade de comidas a celebrar, sumando ao xantar de Nadal e ao de fin de curso, o tradicional cocido de Entroido. A elevada afluencia de profesores e profesoras a estes eventos é paradigmática do bo rumbo das relación no claustro.
- Organización de despedidas: este ano foi de especial intensidade en canto a cambios no claustro, con xubilacións e destinos definitivos. Estes eventos, xunto con algunhas vodas de compañeiros, levan sempre aparellados as súas correspondentes conmemoracións e entrega de regalos, o que implica a publicación, a recadación económica, comprar agasallos e a planificación dunha pequena homenaxe.
- Dinamización de departamentos: dende a Vicedirección, e aproveitando as posibilidades do cronograma, traballouse na planificación do vindeiro curso impulsando a creación da docencia da materia optativa de Lingua portuguesa e tamén no deseño de obras de mellora como o pechamento e ampliación das instalación para FP Básica así como a conversión da antiga vivenda do conserxe en espazos adicados á docencia e mellora da calidade educativa no IES.

BALANCE:

En termos globais, considero que o groso dos obxectivos foron cumpridos, na liña de convivencia, frecuencia de actividades e saídas. Para o vindeiro curso optariamos, se as condicións son favorables, a expandir o radio xeográfico das excursións a estados no estranxeiro, así como a acadar a meta do plurilingüismo. O inicio das obras, pendentes de licitación, agardamos que comecen a finais do presente ano natural.

5. XEFATURA DE ESTUDOS

INTRODUCCIÓN

No presente curso 2021-22 que vimos de rematar, a Xefatura de Estudos vai expoñer nesta memoria final diferentes cuestións que se foron desenvolvendo.

No mes de Xullo, a Xefatura de Estudos, mes de actividade administrativa e non lectiva, participou na elaboración dunha previsión de matrícula e de optativas para poder formalizar os grupos no mes de setembro e facer as peticións de profesorado, en colaboración co resto de Equipo Directivo.

Ademais neste curso, aínda que a COVID persiste, cara a metade do segundo trimestre deixáronse de contabilizar casos e normalizouse a convivencia coa enfermidade. Polo tanto, a grande novidade deste curso foi que se abandonaron as máscaras nas aulas e que tivemos que adaptar o noso PROTOCOLO COVID ao que ían ditando as autoridades sanitarias, pasando de obrigas a recomendacións. Todo o que se fixo foi consensuado co resto do Equipo Directivo.

INICIO DO CURSO

O inicio do curso foi algo complicado debido ao cambio de normas COVID con respecto ao anterior (paso de 1,5 metros de separación entre alumnos a 1,2 metros). Houbo que volver axustar as aulas, medir e mover todas as mesas de novo, pero foi un traballo relativamente rápido no que participou todo o Equipo Directivo.

No primeiro trimestre, a incidencia de COVID foi ampla entre o alumnado, pero inexistente entre o profesorado. Fíxose un seguimento exhaustivo do alumnado que quedaba na casa illado, en grande parte grazas ao director, que andaba coa cámara a costas de aula en aula para ofrecer as clases en directo coma se o alumnado estivera na clase.

En canto ao académico, voltamos a facer grupos relativamente numerosos, tendo aulas moi axustadas de 25 e 26 alumnos, en concreto en 3ºESO e Bacharelato. No tema de convivencia voltou a ser un curso complicado, como antes da COVID, en parte polo uso obrigatorio da mascarilla durante a primeira parte do curso, e en parte pola prohibición do móbil que se instaurou no centro o curso anterior.

Dende un comezo, desde a Xefatura fíxose todo o posible para facer cumprir esa nova norma do móbil, e de feito, en 2º Bacharelato, todos os partes de conduta que se puxeron foron por esa causa.

No primeiro claustro do curso, déronse unhas pautas sobre a obriga de levar a máscara dentro do centro en todo momento, así como a prohibición do móbil no interior do recinto escolar, coa excepción do fin didáctico do mesmo. Asimesmo, informamos aos novos profesores do centro dos

procedementos básicos de funcionamento do centro, no ámbito loxístico, convivencia, administrativo....xa que había varios docentes que non traballaran nunca no ámbito educativo.

PLAN DE MELLORA

Un ano máis a Xefatura de Estudos, púxose como un dos principais obxectivos, cumprir co Plan de Mellora do curso, e para tentar lograr o propósito elaborou catro estratexias moi básicas:

- Información ás Titorías do citado Plan.
- Información aos pais por medio da web onde aparecían as Miniprogramacións de Curso, de cada Departamento, onde se recollen, procedementos e criterios de avaliación. Elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión.
- Relación directa e constante cos distintos Departamentos, especialmente co departamento de Orientación.
- Redución da conflitividade nas aulas.
- Semana de exames para 2ºBacharelato con modelo ABAU en todos os trimestres.

As titorías foron, sen dúbida, a primeira liña de aplicación de todas estas melloras. Notouse especialmente que nos grupos máis baixos (1ºESO) houbo un incremento de malos comportamentos ao comezo de curso, e tardaron máis en entrar na dinámica do centro que outros anos. Quizais poderíamos achacar este feito á situación pandémica vivida, que en concreto a este grupo colleunos nos seus últimos anos de primaria.

En canto a exposición das miniprogramacións, pretendemos que as familias sexan coñecedoras dos mínimos para que os seus fillos poidan superar as materias. É unha opción irrenunciable, da que estamos orgullosos e que continuaremos levando a cabo todos os anos. Ao mesmo tempo a elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión foi un gran paso na comunicación coas familias, para que pais e nais estean ao tanto en todo momento do día de realización das súas probas.

Este ano de novo, os alumnos dos grupos de 2º Bacharelato, tiveron a semana de exames tan só para as materias obrigatorias, que emprega o MODELO ABAU, en dous días cinco exames. A medida serviu para mellorar o rendemento académico e preparalos de cara a ABAU. Esta iniciativa busca que existise un maior aproveitamento do tempo para estudar e preparar as probas de acceso á universidade. Como novidade, este ano, mantívose a semana de exames para os 3 trimestres, xa que en anos anteriores, só se facía os dous primeiros. Continuamos coa labor da anterior Xefatura, coa SEMANA DE EXAMES DE PENDENTES, sendo o balance moi positivo. Ademais de realizar as

avaliacións trimestrais e seguimento dos alumnos con esas pendentes, esa reserva de datas para pendentes proporciona tranquilidade ao alumnado e dá certa monitorización para eles.

Este ano, a nivel xeral, experimentamos unha suba das sancións no centro, na que profundaremos no apartado de PLAN DE CONVIVENCIA.

PLAN DE CONVIVENCIA E MEDIDAS CORRECTORAS

O descenso de conflitividade que viña sendo palpable, ano a ano, no centro, sufriu unha suba importante este ano. Os partes de conduta subiron notablemente, na meirande parte debido ao incumprimento das normas COVID na primeira parte do curso, e ao uso do móbil, sobre todo nos cursos máis altos. Este ano tivemos que volver a prescindir da AULA DE CONVIVENCIA (Aula 13) que foi utilizada como AULA COVID, entón non tivemos saídas a convivencia como tal, pero si chamadas aos pais cando había algunha incidencia. O total acumulado durante todo o curso foi o seguinte:

111 partes de conduta en total na ESO

37 partes de conduta en total en BACH

60 partes FP Básica.

14 EXPULSIÓNS totais.

5 EXPEDIENTES

ANÁLISE

- En FPB, producíronse a maioría das expulsións e dous dos expedientes.
- Na ESO, a incidencia máis alta produciuse nos cursos de 3º e 4º, sendo 4º o único curso onde se abriron dous expedientes. Ademais, en 1ºESO, sorprendeu o uso que unha alumna lle deu ao ordenador de Edixgal, gravando a compañeiros e profesor durante unha clase, o que motivou a apertura dun expediente.
- Moitas das expulsións cumpríronse no centro pero fóra da aula, facendo tarefas de mellora no centro ou traballos relacionados co motivo da sanción, buscando un carácter educativo no canto de sancionador.
- Moitas das medidas que propuxemos dende a Xefatura de Estudos, tiveron dous obxectivos básicos: PROPORCIONALIDADE E RECONDUCCIÓN

PROTOCOLO ACOSO ESCOLAR

Co comezo do terceiro trimestre, no mes de abril, comezaron as pesquisas sobre un posible caso de ACOSO ESCOLAR, xa que a familia da PRESUNTA VÍTIMA solicitou que se abrira. Cumprindo os prazos establecidos, o instrutor chegou á conclusión de que non había acoso, aínda que si condutas que podían desembocar nunha situación deste tipo. Polo tanto, ese mesmo instrutor propuxo unha serie de medidas a ter en conta polas dúas partes.

CURSO COVID

Para rematar a memoria deste ano, hai que destacar que estivemos ante o curso da volta á normalidade tras a pandemia. Por parte do alumnado había moitas ganas de saídas, excursións, etc. Desde o equipo docente fomos abrindo vías para ir saíndo pouco a pouco, chegando a ir de excursión de fin de curso 4ºESO e 1ºBAC, e transcurrido a mesma sen incidentes notables.

Agradecer o ESFORZO, de compañeiros/as, pais/nais e alumnos/as para que todo funcionase coma un curso normal desde o comezo.

VALORACIÓN

A pesar de estar un só ano na Xefatura, voume cunha grande aprendizaxe, e a miña valoración global do curso e do cargo é moi satisfactoria. Un ano en Xefatura é moi intenso, sobre todo un ano que comezou no medio da pandemia, e podo dicir que, como Equipo Directivo, foi un bo ano, cheo de comunicación entre nós e co resto do equipo docente, e do que se extrae un bo balance ao remate.